

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 28 DE XANEIRO DE NÚM. 02/2016.-**

Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

**CONCELLEIROS:**

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).  
D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL. (CxG-CCTT).  
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).  
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CxG-CCTT).  
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).  
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).  
D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).  
D. JOSE MANUEL HERMIDA ARIAS (PSdeG-PSOE).  
D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).  
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).  
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).  
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).  
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).  
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).

**SECRETARIO XERAL:** D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**INTERVENTORA XERAL:** D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

## **ÍNDICE:**

1.- Aprobación, se procede, das actas Nº 15/2015, da sesión extraordinaria celebrada o día 21 de decembro de 2015 e Nº 1/2016 da sesión extraordinaria celebrada o día 7 de xaneiro de 2016.....	páx. 3
2.- Decretos de Alcaldía. Dación de conta.....	páx. 3
3.- Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.....	páx. 8
4.- Informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao cuarto trimestre de 2015. Dación de conta.....	páx. 9
5.- Expediente de levantamento de reparo suspensivo relativo a recoñecemento de obriga e ordenación de pago. Dación de conta.....	páx. 10
6.- Expediente de levantamento de reparo suspensivo relativo á prórroga do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as Deputacións Provinciais en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais para a creación e implantación dos grupos de emerxencias supramunicipais (GES), e de prórroga dos contratos dos traballadores adscritos a dito servizo. Dación de conta....	páx. 11
7.- Expediente de cesión gratuíta do uso dunha parcela de propiedade municipal á Fundación Galicia Verde para a creación dunha Horta Comunitaria Ecolóxica, e aprobación do Convenio de colaboración.....	páx. 12
8.- Mocións do grupo de goberno.....	páx. 15
8.1.- Moción do grupo de goberno para solicitar a adopción de medidas que eviten o uso de recursos públicos do Concello con fins partidistas electorais.....	páx. 15
8.2.- Moción do grupo de goberno en relación ao cambio de emprazamento da parada de taxis da Praza da Torre.....	páx. 18
8.3.- Moción do grupo de goberno para solicitar a declaración do Camiño de Inverno como Ben de Interese Cultural (BIC).....	páx. 20
9.- Mocións do PP.....	páx. 23
9.1.- Moción do PP sobre a presentación do informe económico do Concello de Lalín a 13 de xuño de 2015.....	páx. 23
9.2.- Moción do PP para a construción dunha senda peonil na contorna da Carballeira do Rodo.....	páx. 24
9.3.- Moción do PP sobre o alumeado navideño.....	páx. 26
10.- Moción do PP por urxencia.....	páx. 28
11.- Rogos e preguntas.....	páx. 28

Sendo as dez horas do **xoves, día 28 de xaneiro de 2016**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral, *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventora Xeral, *D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo*. Non obstante no punto 5º abandonou a sesión.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS Nº 15/2015, DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 21 DE DECEMBRO DE 2015 E Nº 01/2016, DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 7 DE XANEIRO DE 2016.-**

Deuse conta pola Presidencia do borrador das actas Nº 15/2015, da sesión extraordinaria celebrada o día 21 de decembro de 2015 e da Nº 01/2016 da sesión extraordinaria celebrada o día 7 de xaneiro de 2016. De seguido o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren ás mesmas.

Non habéndoas, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar as ditas actas Nº 15/2015, da sesión extraordinaria celebrada o día 21 de decembro de 2015 e da Nº 01/2016 da sesión extraordinaria celebrada o día 7 de xaneiro de 2016, ordenándose a súa transcripción ao Libro de Actas.

### **2.- DECRETOS DA ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA.-**

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

***O Concello Pleno quedou enterado.***

### **3.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS-**

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Concelleira Delegada de Facenda, de data 22 de xaneiro de 2016. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 25 de xaneiro de 2016.***

Brevemente a edil delegada de facenda, **D<sup>a</sup>. Teresa Varela Fisteus** expuxo o contido do mesmo. Queríase pagar as facturas de SOGAMA e de Gas Natural Unión Fenosa que achegaron.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e dez (10) do PP, o Pleno da Corporación acordou **APROBAR** o expediente do seguinte tenor:

É xeneralizada a consideración de que, entre as diversas administracións que integran o sector público, é a administración local a máis próxima aos cidadáns e, polo tanto, aquela á que dirixen as súas pretensións.

Dentro dos principios enunciados no artigo 103 da Constitución Española que rexen a actividade das administracións públicas, a administración local ten que procurar axustar a súa actuación á axilidade e eficacia que demandan os seus cidadáns. Debido a isto, en ocasións e para dar resposta ós veciños, a actuación administrativa non se axusta estritamente ó, por outra parte, ríxido procedemento legal.

Leváronse a cabo neste senso en exercicios anteriores determinados gastos sen consignación orzamentaria correspondentes ó subministro de bens e/ou prestación de servizos que non foron presentados no seu momento pola empresa/profesional subministrador/a ou prestador/a de servizos, todos eles necesarios e indispensables para o normal desenvolvemento dos distintos servizos municipais e a prestación de servizos xestionados por este Concello.

Aínda levados a cabo sen contar con crédito orzamentario axeitado e suficiente ou non sendo facturados no exercicio correspondente no que se realizou a prestación, o Concello está obrigado ao pago dos citados gastos, previa imputación dos mesmos ao orzamento municipal. O propio lexislador, consciente da existencia deste tipo de actuacións, pero en calquera caso necesarias para a prestacións de servizos indispensables, contempla a imputación dos citados gastos ó orzamento corrente, imputación nun primeiro momento prohibida polo principio de anualidade orzamentaria, mediante a tramitación dun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Considerando necesario e obrigado atender os gastos incorridos para evitar o prexuízo de terceiros contratantes coa administración e o correlativo enriquecemento inxusto ou sen causa desta; considerando igualmente que a imputación dos gastos ó exercicio corrente, visto o estado actual de execución orzamentaria, non causará prexuízo á atención das necesidades do exercicio corrente; considerando a efectiva prestación dos servizos e subministros de bens por parte dos terceiros acredores, constando factura acreditativa de cada un dos gastos debidamente conformada polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Aprobar o expediente de RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS para a imputación ó orzamento corrente dos gastos levados a cabo nos exercicios anteriores, todo elo con arranxo á relación que se acompaña á proposta como Anexo I, Anexo II e Anexo III por importes de 32.596,94, 21.042,51 e 39.774,86 euros respectivamente.

#### **4.- INFORMES DE MOROSIDADE DO CONCELLO DE LALÍN E DO PADROADO CULTURAL DE LALÍN CORRESPONDENTES AO CUARTO TRIMESTRE DE 2015. DACIÓN DE CONTA.-**

A Presidencia deu conta dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao cuarto trimestre de 2015.

De seguido o **Sr. Secretario** deu lectura do resultado dos mesmos e das cifras que correspondían a cada apartado resume.

Xa que logo, o **Pleno da Corporación**:

**Primeiro.-** Tomou coñecemento dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao cuarto trimestre de 2015, emitidos pola Tesourería Municipal.

**Segundo.-** En cumprimento da normativa vixente acordou seguir as actuacións e dar publicidade na *web* municipal do informe agregado da relación de facturas, continuando cos trámites previstos no informe de Tesourería.

**Terceiro.-** O período medio de pago a provedores do Concello de Lalín correspondente ao cuarto trimestre de 2015 calculado segundo a metodoloxía da Lei de Morosidade é de 20 días, e segundo a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de menos 12 días.

**Cuarto.-** O período medio de pago a provedores do Padroado Cultural de Lalín correspondente ao cuarto trimestre de 2015 calculado segundo a metodoloxía da Lei de Morosidade é de 24 días, e segundo a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de menos 22 días.

**O Concello Pleno quedou enterado.**

#### **5.- EXPEDIENTE DE LEVANTAMENTO DE REPARO SUSPENSIVO RELATIVO A RECOÑECEMENTO DE OBRIGA E ORDENACIÓN DE PAGO. DACIÓN DE CONTA.-**

A Presidencia deu conta deste expediente e do Decreto da Alcaldía de data 23 de decembro de 2015 do seguinte tenor:

*“Don Rafael L. Cuiña Aparicio, en virtude do cargo de Alcalde-Presidente do Concello de Lalín e analizado o reparo posto pola intervención deste concello en virtude do art. 216.2 c), por omisión dos trámites esenciais aos que debería estar sometido a contratación dos servizos de defensa xurídica desta casa que eu presido, no procedemento ordinario núm. 235/2013 interposto por PORTAS Y ACUÑA INMOBILIARIA, S.L. contra os acordos Plenarios de datas 25/03/2013 e 27/05/2013, polos que se rexeita a solicitude de resolución de contrato de concesión da obra pública do aparcamento subterráneo (Parking Europa) e tendo en conta o informe de Secretaría.*

## **DISPOÑO:**

*Avocar a delegación de competencias realizada a favor da Xunta de Goberno no decreto de alcaldía con data 29 de xuño de 2015 para este caso concreto e en virtude do art 217 do TRLRFL que me outorga a competencia para levantar este tipo de reparos, levantar o reparo suspensivo e proceder á autorización, disposición, recoñecemento da obriga, ordenación do pago e o pago da minuta, por importe de 28.459,20 €, para evitar o enriquecemento inxusto da administración na medida en que a prestación si se realizou.”*

En poucas palabras, o voceiro popular, **o Sr. Xosé Crespo Iglesias** indicou que non tiña moito sentido o reparo do parking, porque a día de hoxe houbo un acordo municipal que deu solución a esta situación, e no que participou tamén o avogado, cuxa minuta, suscita ese reparo. El tamén participou dalgún xeito nesa solución, e estaba baseada na relación de confianza, de mútuo acordo.

**O Concello Pleno quedou enterado.**

### **6.- EXPEDIENTE DE LEVANTAMENTO DE REPARO SUSPENSIVO RELATIVO Á PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEGAMP E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA A CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DOS GRUPOS DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAIS (GES), E DE PRÓRROGA DOS CONTRATOS DOS TRABALLADORES ADSCRITOS A DITO SERVIZO. DACIÓN DE CONTA.-**

A Presidencia deu conta deste expediente e do Decreto da Alcaldía de data 29 de decembro de 2015, do seguinte tenor:

*“Don Rafael L. Cuiña Aparicio, en virtude do cargo de Alcalde-Presidente do Concello de Lalín, e analizado o reparo posto pola intervención deste Concello en virtude do artigo 216.2 c) do TRLRFL, por omisión dos trámites esenciais aos que debería estar sometido a contratación laboral do traballadores do grupo de emerxencias supramunicipal. E ó abeiro da addenda de modificación do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos grupos de emerxencias supramunicipais (GES), que amplía o período de prestación do servizo dado polos GES outros tres anos máis (2016-2018), prorrogando así o período do actual convenio que remata o 31/12/2015.*

*E de conformidade co establecido no Anexo III de dito Convenio “ (...)Todos aqueles concellos que á sinatura do correspondente convenio, dispoñan de persoal seleccionado consonte aos principios de publicidade, mérito e capacidade, destinado a tarefas de atención ás emerxencias poderán adscribilos ao devandito servizo (...)”. Tendo en conta que este Concello dispón de persoal seleccionado consonte a ditos principios, para prestar servizos como grupo de emerxencias supramunicipais, é polo que,*

*Facendo uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 h) da Lei 7/1985, reguladora*

das bases do réxime local, o 41.14 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e demais disposicións concordantes, **DISPOÑO:**

**Primeiro.-** Avocar a delegación de competencias realizada a favor da Xunta de Goberno no decreto de Alcaldía con data 29 de xuño de 2015, para este caso concreto, e en virtude do art 217 do TRLRFL que me outorga a competencia para levantar este tipo de reparos, levantar o reparo suspensivo posto pola Intervención deste Concello en informe de data 29 de decembro do 2015. Á súa vez, polo Secretario Xeral emítase informe coa mesma data e no mesmo sentido que o de Intervención

**Segundo.-** Adherirse a dito Convenio e adscribir ó servizo de emerxencias supramunicipais, prevención e defensa contra incendios forestais, os seguintes traballadores seleccionados consonte aos principios de publicidade, mérito e capacidade para dito servizo:

- RIÁDIGOS GARCÍA, JOSÉ RAMÓN – DNI. 44092577J
- PÉREZ GARCÍA, FERNANDO- DNI. 76820141A
- RODRÍGUEZ VIDAL, ISRAEL- DIN. 76817431F
- FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, JUAN CARLOS – DNI. 77404493V
- GUTIÉRREZ VÁZQUEZ, FRANCISCO J. - DNI. 44818032W
- BARCALA IGLESIAS, RAÚL – DNI. 52482270L

**Terceiro.-** A adscripción destes traballadores corresponderase co período de vixencia do Convenio sinalado, é dicir, ata o 31 de decembro do 2018.

**Cuarto.-** Este decreto terá efectos a partir do día 1 de xaneiro de 2016. Notificarase ós interesados ós efectos legais oportunos”

Brevemente o voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** preguntou: *¿por que se emitía o dito reparo?*

Respondeu a Sr<sup>a</sup>. Interventora, **D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo**, indicando que coa adhesión ao convenio do GES, o Concello superaba o prazo máximo de duración das relacións laborais temporais de tres anos. Había polo tanto unha discordancia entre os prazos de duración do convenio e das relacións laborais. Por elo, de aí viña o reparo.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** afirmou que o principal problema era que o GES cumprise os cometidos e realizase as funcións para as que se creou. Non se podían destinar a outras tarefas distintas das da súa creación, aínda que sexa en varios concellos.

**O Concello Pleno quedou enterado.**

*Neste intre abandonou a sesión D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo, Interventora municipal.*

## **7.- EXPEDIENTE DE CESIÓN GRATUÍTA DO USO DUNHA PARCELA DE PROPIEDAD MUNICIPAL Á FUNDACIÓN GALICIA VERDE PARA A CREACIÓN DUNHA HORTA COMUNITARIA ECOLÓXICA, E APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN.-**

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Concelleira de Medio Ambiente, de data 20 de xaneiro de 2016. A continuación, o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación, de data 25 de xaneiro de 2016.**

En defensa da moción, a edil delegada de Medio Ambiente **D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés** explicou o contido da mesma. Tratábase de sensibilizar á xente e de darlles medios para que cultivasen a terra. Antes non había nada ao respecto e coidaba que era unha iniciativa interesante para Lalín. Esta sería unha primeira parte; logo continuaríase con máis actuacións similares.

Desde o PP, **D. Manuel Fernández López** preguntou polo procedemento de inscrición das 15 persoas: ¿Como foi a inscrición?.

Respondeu a edil delgada, **D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés** indicando que o anuncio publicouse na prensa e no concello. Queríase que os nenos se implicasen na ecoloxía e no medio ambiente e no cultivo de alimentos. Había xente que viña da zona e outros en reserva.

De novo **D. Manuel Fernández López** dixo que para empezar non estaba mal. ¡Logo xa se verá!. O que habería que conseguir era que todos os veciños de Lalín tivesen acceso ao mesmo.

Por alusións **D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés** dixo que as parcelas eran comunitarias. Non estaba dividido o total do terreo por metros e asignados a persoas individuais. Todo era comunitario e diferente doutras actuacións.

Unha vez máis **D. Manuel Fernández López** preguntou polos veciños de Maceira. Tiñan problemas co estado actual de deterioro da pista. Comunicáronlles que o camión que lles recollía o leite todos os días non ían recoller máis porque o dito vehículo non pasaba debido ao mal estado da pista. Como o Concello non facía nada, os propios veciños con cartos do seu propio bolsillo van facer a obra, porque necesitan que se atope en bo estado e arranxarán a pista. Por elo solicita como ROGO que o goberno municipal actúe e solucione o problema.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* dez (10) do PP.

Xa que logo **APROBOUSE** o expediente do seguinte tenor:

O Concello de Lalín é propietario dunha parcela ubicada na rúa do Río-Lalín, cunha superficie de terreo de 1.466,00 m<sup>2</sup>, inscrita no Rexistro da Propiedade de Lalín no Tomo 811, Libro 287, Folio 211, Alta 1.

Dita parcela, procedente do proxecto de compensación do Plan Parcial (SR-D) Zona Norte Río Pontiñas, ten a seguinte descrición:

*Localización:* Rúa do Río-Rúa Carballeira da Botica. Sector SR-D ao norte do río Pontiñas.

*Denominación:* Terreo dotacional.

*Referencia catastral:* 2241515NH7224S0001IO.

*Superficie:* 1.466,00 m<sup>2</sup>.

*Lindeiros:*

*Norte:* en liña de 42,26 metros con parcela de Construcciones Peña y Lamas S.L.

*Sur:* en liña de 58,43 metros con terreos de cesión 3, viais e aparcamentos de titularidade pública.

*Leste:* en liña de 36,20 metros con terreos de cesión 2, áreas peonís de titularidade pública.

*Oeste:* en liña de 30,55 metros con camiño público rúa do Río.

A parcela atópase inventariada no Inventario do Patrimonio Municipal como ben patrimonial.

O Concello de Lalín pretende nesa parcela a creación da denominada Horta Comunitaria Ecolóxica, concibida como un espazo natural aberto ao uso dos veciños para realizar tarefas de plantación e cultivo ecolóxico, todo elo supervisado pola Fundación Galicia Verde e cun fin solidario posto que o excedente de produción será entregado a familias e colectivos municipais para o seu aproveitamento.

Para a xestión de dita horta é preciso asinar un convenio de colaboración coa Fundación Galicia Verde a través do cal se realizará a cesión gratuíta dos dereitos de uso de dita parcela.

O inicio do expediente foi ditaminado favorablemente na sesión da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación celebrada o pasado día 7 de decembro de 2015. Así mesmo, na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local na mesma data acordouse iniciar o expediente de cesión de uso da parcela e someter dito expediente a exposición pública durante o prazo de 15 días.

O expediente foi exposto ao público dende o día 18/12/2015 e ata o 07/01/2016, ámbolos dous incluídos, segundo anuncio publicado no BOP nº 243 do 17/12/2015. Contra dito expediente non se presentou ningunha reclamación no prazo concedido a tal efecto.

Consta no expediente a seguinte documentación:

- Documento de inicio descriptivo do proxecto.
- Modelo de Convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e a Fundación Galicia Verde para a cesión gratuíta do uso de parcela municipal para a creación dunha Horta Comunitaria Ecolóxica.
- Nota Simple Informativa emitida polo Rexistro da Propiedade de Lalín relativa á parcela que se vai a ceder e consulta catastral descriptiva.
- Informe urbanístico relativo á parcela, de data 27 de outubro de 2015, emitido polo asesor urbanístico do Concello de Lalín.
- Informe de valoración económica da parcela e a cesión, emitido polo asesor urbanístico do Concello de Lalín, de data 13 de novembro de 2015.
- Informe técnico relativo á non afectación da parcela por ningún plan de ordenación, reforma ou adaptación, emitido polo arquitecto técnico municipal, de data 1 de decembro de 2015.
- Certificado de Secretaría, de data 1 de decembro de 2015, relativo á inscrición da parcela no Inventario de Bens Municipais.
- Informe de Secretaría, de data 2 de decembro de 2015.
- Informe de Intervención, de data 3 de decembro de 2015.
- Ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación, da sesión celebrada o día 7 de decembro de 2015.
- Acordo da Xunta de Goberno Local da sesión celebrada o día 7 de decembro de 2015, relativo ao inicio do expediente e á exposición pública.
- Anuncio de exposición ao público (BOP nº 243 de 17/12/2015) e certificado de secretaría da non presentación de reclamacións no prazo concedido a tal efecto de data 11 de xaneiro de 2016.

Xa que logo o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

**Primeiro.-** Ceder á Fundación Galicia Verde o uso gratuíta da parcela municipal indicada para a posta en marcha da Horta Comunitaria Ecolóxica.

**Segundo.-** Aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e a Fundación Galicia Verde para a cesión gratuíta do uso dunha parcela municipal para a creación dunha Horta Comunitaria Ecolóxica, que consta de cinco cláusulas e un anexo, e facultar ao Sr. Alcalde para a súa sinatura.

## **8.- MOCIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.-**

### **8.1.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITAR A ADOPCIÓN DE MEDIDAS QUE EVITEN O USO DE RECURSOS PÚBLICOS DO CONCELLO CON FINS PARTIDISTAS ELECTORAIS.-**

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 21 de xaneiro de 2016, e rexistro de entrada da mesma data co número 462. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 25 de xaneiro de 2016.***

Na exposición da moción, o voceiro do goberno, ***D. Nicolás González Casares*** explicou

que coa mesma o goberno quería actuar en beneficio dos cidadáns, e non en beneficio do “goberno de turno”. Isto tería que acabar, e que nunca volva a suceder nin con nós nin con ninguén. Como engadido e como proposta a posteriori indicou que se abordaría máis adiante: a) regular o uso e a utilización da radio municipal; b) regular a produtividade dos empregados municipais en campañas electorais, para que sexa a mesma media que nos dez últimos meses, todos eles; c) que a produtividade do persoal eventual sexa excepcional e non supere anualmente o 15 % das súas retribucións anuais.

Con elo se evitaría un uso inadecuado e non ético, e que non era legal. Habería pois que facer os deberes, cumprir as normas e non avergoñar aos cidadáns de Lalín coas novas que saen en prensa. Había que facer unha administración seria e con rigor, e iso era o que se pretendía coa moción.

Nesa rolda, polo PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que o revisionismo ás veces era bo, pero en democracia había que ter coidado, porque embarraba o xogo e facíanos mal. Eles, o PP tiñan a conciencia tranquila porque non actuaron así cando gobernaron e desde logo menos con fins partidistas. Non aceptaban leccións democráticas do goberno actual.

Agora cambiaron as regras de xogo e coa crise houbo cambios, pero as normas había que cumprilas. Parecía que o goberno municipal coas súas verbas quería perdoarnos a vida. Era certo que lle entregaron un Pen drive, pero que non recollía o que dicían eles. É dicir: “*Meteron o zoco*”. Non se podía abrir un documento do arquivo informático do Concello e tampouco facer uso del, porque podería haber vulneración da lei protección de datos. A moción era un canto ao sol. El pediu a documentación o 22 de outubro de 2015. O decreto de contestación dicía que non formaba parte do expediente o que se solicitaba e que ese mesmo día o 31 xullo de 2015 se realizaban labores investigación e de recopilación. Dicíase que había obstrución para investigar, pero se comunicou á prensa unha serie de datos, vulnerando a lei de protección de datos. Dixeron que cando estean recopilados os datos, entregaríanse e, en todo caso, no prazo de dous meses. Pero non foi así.

Sinalou que se pretendían chegar a un acordo como exercicio de boas prácticas, todo elo habería que recollelo na ordenanza de transparencia. Había irregularidades flagrantes no tratamento que deu o goberno ao tema dos ordenadores. Os lalinenses queren explicacións, e a verdade foi que non se infrinxiu ningunha norma.

Polo goberno, a edil **D<sup>a</sup>. Lara Rodríguez Peña** estaba de acordo en empregar correctamente os recursos públicos en intereses xerais e dos veciños, e nunca en campañas electorais con usos partidistas. Coidaba que era grave o que sucedeu co goberno anterior neste eido.

Nunha nova intervención, **D. Nicolás González Casares** sostivo que o que se utilizaba como arma electoral foi a produtividade dos empregados municipais nas campañas, especialmente na do 24 de maio de 2015.

O que sucedeu cos ordenadores era moi sinxelo: o día 23 de maio do ano pasado había 800.000 arquivos máis que o día 27 do mesmo mes, en que xa estaban borrados. Foi un borrado continuado e masivo tras o día das eleccións. Isto detectouse casualmente porque había moitas carpetas baleiras. Pero foise á copia de seguridade do sistema informático e recuperouse todo. Había moito que dicir. Non valía dicir que se mandaban facer cousas fóra, porque non era certo. Pretendeuse borrar todo isto.

Por alusións **D. Xosé Crespo Iglesias** reiterou que o pen drive que se lle entregou non o viron desde o grupo de goberno. “*Ou non é ese*”, afirmou. Coidaba que nos arquivos non se falaba dos autores dos mesmos.

Unha vez máis **D. Xosé Crespo Iglesias** reiterou que a investigación ou a busca de datos fíxose de xeito improcedente, sen consultar ao *Sr. Secretario*, sen audiencia ós interesados e déuselle a documentación á prensa. En suma, era ilegal o que se fixo. Non se podía facer o que lle gusta a cada un. “*O PP non eran os malos e o goberno os bueníños*”. Non se podía ir por aí perdoando a vida. Eles tiñan tamén o seu orgullo. Era certo que fixeron cosas boas e malas, con acertos e desacertos, mesmo tomaron con improvisación algunhas decisións. Pediu ao goberno que fosen rigorosos e que respecten o papel da oposición. Ese respecto tiña que vir pola representatividade do 45 % dos votos co que contaban. “*Ínstolle a que a retire e inclúa estas medidas no Código da Transparencia, a no decálogo, con audiencia aos interesados. Non meter un dedo nun ollo como o que se pretende*”, dixo.

Finalmente o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, salientou que el e o seu goberno se comprometían a non usar os ordenadores municipais para fins partidistas; tamén asumían non conceder a produtividade aos empregados municipais en campañas electorais máis alá do normal; finalmente: a non facer oídos xordos como fixo o goberno bipartito e o goberno do *Sr. Rodríguez Zapatero*.

Non entendía que o PP se puxera a falar de ética. Coidaba que para falar de ética, primeiro había que tela. O pobo de Lalín debía saber as cifras e o uso que se facía dos recursos públicos, e non sentirse avergoñado como cidadáns diante destas noticias e datos. Reprochou ao PP que actuase así. A partir de agora sería diferente e sería de xustiza.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* dez (10) do PP.

Xa que logo, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

A participación cidadá e a transparencia son dous dos eixes programáticos do Pacto de Goberno asinado por CxL, PSdeG-PSOE, APAC e BNG. Ese documento márcase como un dos seus obxectivos fundamentais traballar en prol do benestar dos cidadáns de Lalín e o fin da política clientelar, para o que resulta imprescindible un uso rigoroso e perfectamente fiscalizado dos recursos públicos. O programa marco para este mandato tamén indica que outro dos obxectivos prioritarios do Goberno será o de acadar un Lalín libre e aberto para todos e todas e no que se antepoñan os intereses da cidadanía ás opcións partidistas.

Tras a súa toma de posesión, o pasado mes de xuño o Goberno Local atopou documentación en diferentes ordenadores municipais que indicaba que o gabinete do ex alcalde colaborara dende o Concello na elaboración e deseño das campañas electorais do PP, non só en

Lalín senón en diferentes municipios da comarca do Deza. Entre os arquivos atopados atopáronse argumentarios de partido, carteis publicitarios, propaganda electoral, discursos políticos, guiños de mitins e cartas nas que o ex alcalde pedía o voto para os populares en diversas convocatorias electorais.

Esta situación, ademais de supoñer un evidente escándalo, é cando menos ética e politicamente reprobable, pois reflicte un uso dos recursos municipais partidista e electoralista e, xa que logo, absolutamente contrario ao interese xeral das veciñas e veciños de Lalín e completamente afastado do código de comportamento que o actual Goberno quere trasladar, de forma ineludible, a toda a súa actividade pública.

Tendo en conta todo o exposto e coa intención de evitar que se poidan volver a repetir situacións de este tipo, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

1.- Que, de agora en diante, se lle dea traslado aos servizos xurídicos do Concello de calquera situación na que se poida demostrar ou deducir que se utilizaron recursos públicos con fins partidistas e electoralistas.

2.- Que, unha vez analizada esa situación, os servizos xurídicos do Concello elaboren un informe sobre os feitos e que propoñan as medidas correctoras a aplicar, en caso de que fose necesario.

## **8.2.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO EN RELACIÓN AO CAMBIO DE EMPRAZAMENTO DA PARADA DE TAXIS DA PRAZA DA TORRE.-**

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 21 de xaneiro de 2016, e rexistro de entrada da mesma data co número 463. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 25 de xaneiro de 2016.***

Previamente o voceiro popular, ***D. Xosé Crespo Iglesias*** pediu que cada moción da orde do día das convocatorias fosen nun punto e aparte.

Desde o grupo de goberno ***D. Francisco Xavier Vilariño Taboada*** indicou que este asunto non debía vir a esta sesión plenaria; non obstante para dar a coñecer os criterios que empregaba o grupo de goberno nas súas decisións que beneficiaban aos veciños, se considerou conveniente que o Pleno adoptase unha postura ao respecto.

Indicou que o goberno quería introducir un novo modelo urbano. Tratábase de recuperar o centro urbano como un lugar de socialización e non como unha zona de exclusión dos veciños dos espazos público. En principio non supuña facer obras o feito de recuperar a Praza das Pipas, unha das poucas zonas peonís céntricas. Con elo melloraríase a calidade da vida urbana dos veciños de Lalín. Agora tal e como estaban situados os taxis se impedía desenvolver un espazo lúdico e peonil da Praza.

Por seguridade vial tamén cumpría cambiar este servizo, polo perigo potencial que representaba para os peóns. Había ao respecto numerosas queixas dos veciños. No futuro non sería unha zona morta. Agora coa medida os veciños terían máis visibilidade na zona, contando, ademais, coa entrada en funcionamento da nova biblioteca.

Este cambio beneficiaría á hostalería e aos propios taxistas. Os criterios eran coma calquera outros, lexítimos. Dialogouse desde o primeiro momento con eses colectivos, en xuntanzas individuais e colectivos. Houbo alternativas que se presentaron. Houbo mentiras, falsos argumentos do PP, xerando malos entendidos.

Doutra banda só había un vehículo adaptado, cando tiñan que seren dous polo menos. En canto ás licenzas, podíamos dicir que había permisividade municipal. Das 49 licenzas que chegou a haber no seu día, subsistían hoxe 27, cando non se debían superar as 20 segundo a normativa vixente. Só hai unha praza adaptada de todas elas.

O PP sacou réditos deste tema. A empresa *Movistar* tiña de prazo ata o 10-2-2016, para cambiar a cabina do teléfono dos taxis. Xa que logo o día 11 de febreiro era o prazo para o cambio da parada dos taxis.

En resume a decisión do goberno municipal era unha decisión firme e adoptada con valentía, que beneficiaría a todos, aos veciños, á hostalería e aos propios taxistas, e que se acordaba en aras do interese xeral.

Desde o grupo popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que ao goberno lle gustaba o teatro, e para elo contaba con actores e realizaba ensaios. Todos representaban un papel.

Sostivo que este tema non tiña por que vir ao Pleno: bastaba a Xunta de Goberno. Lembrou cando se baleirou o Pleno delegando todo na Xunta de Goberno, o BNG votou en contra. Delegouse noutro órgano e agora viña a Pleno, era puro teatro.

O goberno "*ninguneaba*" aos taxistas. As licenzas déronse por concurso. Tentouse en varias ocasións cambiar a ubicación. Para elo o anterior edil, *D. Camilo González Bodaño*, e el mesmo reuníronse hai anos cos taxistas para cambiar a parada; non obstante deixaron o tema pola oposición do colectivo.

Agora podían estar de acordo en aplicar a normativa, pero coidaban que había que dar audiencia ás organizacións profesionais dos taxistas e dos consumidores e usuarios, e garantir a audiencia aos interesados.

En suma, traer este asunto e debatelo no Pleno deste asunto era un claro paripé.

De novo **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** dixo que era un debate importante este na vila. O máis doado sería non darlle a oportunidade ao Pleno de pronunciarse e tomar a decisión. Pero o goberno quixo traelo ao Pleno para amosar así os seus criterios e coñecer os dos demais. Era unha decisión valente. Cumpríase rigorosamente todo, a accesibilidade e o RD. 1554/2007. Falouse moito. Houbo máis de tres reunións oficiais. Á reunión co Alcalde viñeron os que quixeron; pero invitouse a todos eles.

Sentiuse aludido **D. Rafael Cuíña Aparicio**. Dixo que primeiro houbo unha reunión de *Katia Procino Toimil* cos afectados; Logo falou Vilariño e logo houbo tres xuntanzas máis. Non houbo fraude nin engano ningún. Viñeron persoas para falar. As sinaturas presentadas traballounas o PP; pero o goberno estaba para acabar cos privilexios que era o que reclamaba a cidadanía.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** volveu reclamar que esta medida se adoptase por diálogo e con consenso dos sectores afectados. Lembrou que el tentou trasladalos hai tempo da rúa Principal e conseguiu algún acordo.

Neste tema faltaba diálogo e lembrou que el non fixo os cambios deste xeito: consensuou con eles. Por iso votaría en contra. Finalizou afirmando que o goberno actual era menos dialogante

que eles e que en trinta e sete anos de goberno do partido popular non actuaron así.

De novo **D. Rafael Cuiña Aparicio** volveu insistir en que houbo diálogo, e bastante. Lembrou que primeiro a concelleira *D<sup>a</sup>. Katia Procino Toimil* reuniuse co colectivo; máis tarde o Sr. Alcalde xuntouse a falar con eles; finalmente os tres voceiros do grupo de goberno dialogaron cos que viñeron á xuntanza. El mesmo chamou aos taxistas, e houbo diferencias cos mesmos, por que dicían que uns se colocarían cara abaixo e outros cara arriba.

Houbo diálogo con eles, moito. Non se podía facer esa valoración. Un taxista, *D. José Soto Pérez* lle contou que cando houbo esas reunións que dicía o *Sr. Crespo Iglesias* con eles hai dez anos, vacilouno daquela e botouno fora do despacho. Desde logo as formas moi democráticas non foron.

Sería mellor que o grupo de goberno recoñecera que foron *“pillados co carrito do xelado”*.

O que estaba claro era que o PP lles asesorou e lles proporcionou o documento para a recollida de sinaturas. Comprometeuse a que el nunca botaría a un taxista do seu despacho nin lle dirá exabruptos, nin dirá ao taxista que se vaia para a beirarrúa.

De seguido o **Sr. Crespo Iglesias** dixo que o Sr. Alcalde comportábase como un auténtico ditador, que se metía coa oposición ao final do punto da orde do día e logo non deixaba contestar.

Contestando o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio** afirmou que el nunca expulsou nin expulsaría a un taxista ou outra persoa do seu despacho por non coincidir coa súa postura nun tema.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

*Votos en contra:* dez (10) do PP.

*Abstencións:* ningunha

Xa que logo, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

A Praza da Torre é un dos puntos neurálxicos de Lalín. O seu estratéxico emprazamento, en pleno centro urbano da vila, convérteo nun punto dun enorme potencial de crecemento para o seu uso lúdico e comercial, unha circunstancia que, sen lugar a dúbidas, debe ser aproveitada para a dinamización social e económica do municipio. Dentro das súas funcións, o Concello de Lalín ten a obriga de sentar as bases para poñer en valor este espazo, recuperalo para o seu uso cidadán e propiciar que se dean as circunstancias máis favorables para o establecemento de novos locais comerciais e hostaleiros e para impulsar a actividade dos que xa se atopan asentados nese lugar.

Con todo, este obxectivo colide co actual emprazamento da parada de taxis na praza da Torre. A presenza permanente de vehículos de transporte de viaxeiros na zona limita de maneira evidente as posibilidades de expansión social e comercial deste lugar polo que pasan a diario centos de persoas, tanto veciños e veciñas de Lalín como visitantes. Ao mesmo tempo a constante entrada e saída de taxis pode xerar problemas de seguridade para os viandantes

-moitos deles nenos- que transitan pola zona.

Por outra banda, os taxistas contan cun espazo idóneo para reubicar a súa parada na rúa Colón, a menos de 50 metros de onde se atopan actualmente. Ese é un lugar que lles aportaría unha maior visibilidade e presenza pública, e que permitiría que a súa localización fose moito máis doada por parte dos posibles usuarios. Ademais, ese emprazamento sería máis accesible por parte dos usuarios que chegasen dende a praza da Igrexa, dende a nova Biblioteca Municipal e dende a propia praza da Torre, ao que tamén se contribuiría coa instalación dunha nova sinalización da parada moito máis chamativa.

Tendo en conta todo o exposto o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Manifestar a súa conformidade ao traslado á rúa Colón, en canto sexa tecnicamente factible, da parada de taxis que na actualidade se atopa situada na praza da Torre.

### **8.3.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITAR A DECLARACIÓN DO CAMIÑO DE INVERNO COMO BEN DE INTERESE CULTURAL (BIC).-**

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 21 de xaneiro de 2016, e rexistro de entrada da mesma data co número 464. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación, de data 25 de xaneiro de 2016.**

Na exposición de motivos, **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada** explicou o potencial co que contaban estes bens que se incluían no camiño de Santiago, tanto desde o punto de vista cultural como económico, comercial e social. Había que ver ese tramo do camiño desde unha óptica distinta á que se empregou ata hoxe. Cumpría ter en contra outras circunstancias como era que atravesaba en parte o casco urbano de Lalín. Finalizou pedindo o apoio de todos a esta iniciativa que beneficiaría a Lalín.

Desde o grupo popular, **D. José Antonio Rodríguez Fernández** indicou que o acordo que se pedía ao Pleno era un mandato para o traballo que había que realizar; non obstante indicou que había que ter en conta o traballo xa feito ata agora a través ou en colaboración con outras entidades como a *Asociación do camiño de inverno*. Lembrou, por exemplo, que se realizaron xestións no eido da *senaléctica*, con varias reunións cos concellos e entidades afectadas por este camiño do inverno.

Por alusións o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, lembrou que el mesmo participou en varias reunións cos alcaldes de O Barco de Valdeorras e de Monforte de Lemos para falar sobre a *senaléctica* do camiño, entendendo que era importante que os sinais fosen uniformes en todo o tramo deste camiño do inverno.

De novo **D. José Antonio Rodríguez Fernández** indicou que se estudasen ben os pasos a dar, para evitar que se desen pasos atrás, como podían ser empregar unha disparidade de sinais no Camiño, lembrando que cando el asistiu, por exemplo en O Barco pedían que se utilizase a pizarra. Votarían si á moción.

Rematou o debate o edil do BNG, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** para destacar que o Camiño do Inverno non se inventaba. Estaba aí e había que recuperalo dun xeito e potencialo doutro. Non se podían crear novos problemas nin producirse malentendidos nos acordos que se adopten, utilizando sinais non axeitadas ao entorno.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co vota favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e dez (10) do PP, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

O Camiño de inverno era o empregado polos peregrinos para chegar a Santiago de Compostela durante a estación invernal, conseguindo así evitar as nevaradas de O Cebreiro. Na súa sétima e última etapa transcorre dende Rodeiro a A Laxe (Lalín), cun total de 27 quilómetros. Ao seu paso pola nosa vila entra por Lalín de Arriba, atravesa o centro urbano pola praza da Igrexa e continua polo paseo do Pontiñas. Logo discorre a través do Polígono Lalín 2000, para rematar a etapa no albergue de A Laxe onde se xunta coa Vía da Prata.

A nova Lei de Patrimonio Cultural de Galicia que se atopa en fase de aprobación, establece como novidade a inclusión do Camiño de Inverno como nova ruta principal dentro dos Camiños de Santiago. Esta lei realiza unha declaración simplificada dos bens, que quedan divididos en dúas categorías: por unha parte, Bens de Interese Cultural (BICs), e por outra, Bens Catalogados dentro do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, que inclúe bens de notable valor patrimonial e cultural.

Con respecto aos Camiños de Santiago, están considerados BICs o Camiño Francés do Norte, a Rota da Costa ou Rota Interior e enmárcanse dentro dos Bens Catalogados o resto de rotas, (Camiño Inglés, de Fisterra e Muxía, Portugués, Vía da Prata e Camiño de Inverno).

De todos é sabido que o Camiño de Santiago é un elemento de gran importancia para as localidades por onde transcorre, deixando á súa marxe lugares cheos de encanto e sendo unha fonte de beneficios económicos e sociais. Por iso, un dos obxectivos principais no eido turístico do Concello de Lalín é o de potenciar o Camiño de Inverno na vila. Esta ruta xacobeá conta cunha gran riqueza histórica, patrimonial e ambiental, polo que está chamada a ser un importante polo de atracción de visitantes e, en consecuencia, un dos posibles eixes dinamizadores da economía do noso concello.

Neste senso, o Goberno de Lalín xa empezou a definir algunhas das actuacións que se van desenvolver nos vindeiros meses para avanzar na promoción, na potenciación e na posta en valor do Camiño de Inverno ao seu paso polo municipio. Dándolle moito valor ás propostas da cidadanía decidiuse, por exemplo, ir poñendo en marcha algunhas medidas de carácter máis urxente, tales como acondicionar o roteiro para facelo máis accesible, ou mellorar a sinalización. Tamén se está buscando un novo punto máis céntrico e visible para colocar a Oficina Municipal de Información Turística e organizouse unha andaina o próximo 21 de febreiro polo treito lalinense do Camiño, para fomentar o seu coñecemento. Agora, e baixo o amparo que ofrece a referida Lei de Patrimonio Cultural, que di como novidade que por acordo dos concellos polos que discorre o

Camiño de Inverno, “se poderá solicitar á Consellaría de Cultura a incoación da súa declaración como BIC” e, en vista do positivo que sería para Lalín que a ruta xacobeá acadase esta figura de valor e protección, o Goberno de Lalín accede á solicitude efectuada pola Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra.

Xa que logo, o **Pleno da Corporación ACORDOU**:

Solicitarlle á Consellería de Cultura que declare como Ben de Interese Cultural (BIC), o Camiño de Inverno.

## **9.- MOCIÓNS DO PP.-**

### **9.1.- MOCIÓN DO PP SOBRE A PRESENTACIÓN DO INFORME ECONÓMICO DO CONCELLO DE LALÍN A 13 DE XUÑO DE 2015.-**

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 14 de xaneiro de 2016, e rexistro de entrada do día 19/01/2016 co número 397. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame desfavorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 25 de xaneiro de 2016.***

Brevemente desde as filas do PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que o informe era unha vella petición do seu grupo xa acordada no pleno do mes de xullo do ano pasado, de facer un informe económico á *Sr. Interventora*. Todo elo viña porque pediron unha auditoría e non se podía realizar. Por iso pedían que a técnica do departamento fixera este informe. Daquela foi acordado por unanimidade. Pero pasaron máis de tres meses do prazo legal para entregar a documentación. Ou non se elaborou ou non se entregou. Elo deixaba ver unha certa deixadez non sabía se por parte do grupo de goberno ou da Interventora. Tamén houbo un rogo nunha sesión plenaria, pero sen resposta. Finalmente díxérono na sesión da comisión informativa.

Desde o grupo de goberno, a edil de facenda, **D.ª Teresa Varela Fisteus** afirmou que o grupo de goberno non estaba interesado en retrasar a entrega deste informe. Lembrou que a titular da Intervención abandonou a sesión no punto sexto, polo traballo que tiña que facer. De todos os xeitos lembrou que o equipo de goberno tiña no seu poder un arqueo na data de toma de posesión da nova Corporación, no que se reflectía o estado de contas. En suma nin había intención nin deixadez. Cando a Intervención teña o informe listo, entregarase.

Finalmente **D. Xosé Crespo Iglesias** reiterou que este informe viña motivado porque pediron inicialmente unha auditoría. Díxoselles que non era posible facela e por elo reclamaron ese informe, coa finalidade de coñecer o estado das contas municipais na data en que entrou a nova corporación e cesou a anterior.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co vota favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e dez (10) do PP, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

No pleno ordinario do pasado mes de xullo, celebrado o día 23 do mesmo mes, e segundo recolle a acta da sesión no punto 9.2, acordouse a instancias dunha moción realizada polo Partido Popular a realización dun informe Económico, por parte dos Servizos Económicos Municipais, da situación económica do Concello de Lalín a día 13 de xuño. Na parte resolutiva recollíase que o informe debía ser presentado no prazo máximo de dous meses e as súas conclusións trasladadas ao pleno do Concello. O acordo foi o seguinte, tal e como recolle textualmente a acta:

**Primeiro.- Que se faga polos Servizos Económicos do Concello (Tesourería-Intervención) un INFORME ECONÓMICO que poña de manifesto claramente a situación de contas do Concello de Lalín a data 13 de xuño de 2015 nun prazo máximo de dous meses.**

**Segundo.- Que se dea conta no Pleno dos resultados de dito informe, referenciado polas firmas do Secretario, Interventora e Tesoureira.**

Transcorridos tres meses da finalización do prazo que se recollía no acordo plenario para a presentación do Informe Económico, que debería ter sido presentado no pleno do mes de setembro, aínda non se cumpriu ca presentación do devandito documento ao pleno do Concello.

O pasado 16 de decembro, con anterioridade á convocatoria do pleno do mes de decembro que se celebra o 7 de xaneiro, o Partido Popular presentaba un escrito dirixido ao Alcalde-Presidente do Concello de Lalín solicitando a presentación no pleno de decembro do citado informe económico, sen que fose incluído entre as cuestións recollidas na orde do día desta sesión plenaria.

Á vista de todo elo, **o Pleno da Corporación ACORDOU.**

1. Reclamar do executivo local que se ofrezca unha explicación de por que non se cumpriu o antedito acordo plenario do mes de xullo, o que demostra a falla de transparencia deste goberno, xa que daba a impresión de que estando o informe realizado polos servizos económicos municipais existe unha *“deixadez interesada”* do Alcalde e do seu goberno para que este non se presente.

2.- Instar ao goberno municipal a que se cumpra o acordo plenario do mes de xullo-recollido no apartado 9.2 da acta da dita sesión, relativo á presentación do Informe Económico do Concello a día 13 de xuño de 2015, no vindeiro pleno ordinario.

### **9.2.- MOCIÓN DO PP PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA PEONIL NA CONTORNA DA CARBALLEIRA DO RODO.-**

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 15 de xaneiro de 2016, e rexistro de entrada do día 21/01/2016 co número 468. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ***ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade*** do día 25 de xaneiro de 2016.

Desde o grupo popular **D<sup>a</sup> María José Senande Méijome** explicou brevemente a moción,

e procedeu a dar lectura íntegra da mesma, da súa parte expositiva, e do contido dispositivo.

Desde o grupo de goberno, **D. Nicolás González Casares** dixo que non tiña claro o que se pedía na moción, pero si a resposta. O tramo afectado contemplaba a conexión entre dous puntos peonís nos que debía primar a seguridade: Desde a rotonda ata o Rodo e desde a rotonda de *Eroski* ata a fábrica de *Florentino*. Na primeira parte había beirarrúas dun lado. Na baixada da Rolda Leste había pendente no firme e por iso non se reclamaba.

Doutra banda cumpría dicir que había unhas actuacións urbanísticas a desenvolver, tiñan que falar os técnicos e pronunciarse sobre os mesmos.

Na Carballeira do Rodo había queixas dos biólogos polo acceso cos que contaba e que ás veces ocasionaba que estivese chea de coches; tamén porque estaban algunhas árbores enfermas. Pedían limitar os accesos aos coches e isto podíase facer.

Na zona do *Pazo de García Sánchez* buscaríase adecentar unha zona inmediata ao mesmo que estaba algo abandonada.

En cambio coidaba que a zona da Carballeira de Barcia si que precisaba investimentos, actuacións e presentaba maiores necesidades. Anticipou que se pedirían axudas á Deputación Provincial para abrir unha senda peonil Prado-Vilatuxe e outra na zona de Brántega.

En suma, como goberno municipal estaban abertos a mellorar a seguridade viaria na zona e a pedir que se mellorase a rede da deputación provincial. Na Carballeira do Rodo si que se podía mellorar se a mobilidade que hoxe era reducida.

De novo **D<sup>a</sup>. María José Senande Méijome** defendeu de novo o que se pedía na moción e maiores que se fixera un peche perimetral na Carballeira do Rodo para evitar accidentes de tráfico, indicando que xa houbo algunhas caídas de nenos polo talude existente no lugar.

En resposta **D. Nicolás González Casares** indicou que se podía estudar colocar un valado de madeira.

Interveu **D. Xosé Crespo Iglesias** para sinalar que á Deputación Provincial podía pedirse un catálogo de actuacións. Por elo cumpría negociar xa con este organismo provincial.

De novo **D. Nicolás González Casares** indicou que no decálogo se podían facer números para meter as obras que se queira acometer e logo presentalo ao organismo provincial.

Rematou o debate **D. Xosé Crespo Iglesias** para indicar que as solucións non podían vir pola colocación de pasos elevados entre a fábrica de *Florentino* e o fondo da Carballeira cunha anchura mínima, porque a experiencia lle dicía que a xente nunca os empregaba. A zona era da deputación provincial nun setenta por cento e había que contar con ela.

*Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:*

1.- Solicitar á Deputación de Pontevedra que, dentro do seu ámbito competencial, acometa a construción dunha senda peonil urbana na estrada provincial Lalín-Brántega, no tramo que vai dende a citada Carballeira do Rodo ata a primeira rotonda da rolda leste na estrada de Brántega.

2.- Solicitar ao Concello de Lalín, dentro do seu ámbito competencial, que constrúa unha senda peonil entre a rotonda da estrada provincial de Brántega e a rotonda de García Sánchez, continuándoa perimetralmente polo fondo da Carballeira ata a rúa do Rodo.

3.- Caso de que a Deputación de Pontevedra decline facela, que o organismo provincial autorice ao Concello de Lalín a que acometa o tramo provincial reflectido no punto 1, no entorno do parque e a carballeira do Rodo, que serviría como atractivo para os

*visitantes, circuito para a realización de actividade física e nexos de conexión peonil de zonas como Villa Flores, parte alta de Cidade Xardín e, especialmente, García Sánchez, co centro urbano lalinense. Unha senda que melloraría a seguridade vial na zona.*

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* dez (10) do PP.

*Votos en contra:* once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

*Abstencións:* ningunha

Xa que logo, **REXEITOUSE** a moción.

### **9.3.- MOCIÓN DO PP SOBRE O ALUMEADO NAVIDEÑO.-**

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 13 de xaneiro de 2016, e rexistro de entrada do día 19/01/2016 co número 396. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame desfavorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 25 de xaneiro de 2016.***

Na exposición da moción, ***D. Xosé Crespo Iglesias*** criticou o talante do Sr. Alcalde, porque facía bromas que lle sentaron mal á concelleira do anterior goberno encargada deste asunto. Afirmou que na prensa deste ano se publicaron algunhas, referente ao alumeado do Nadal último, sinalando que resultaba uns quince mil euros máis barato co custo do ano anterior; logo rectificou e só eran 3.500 € de aforro. O que se fixo este ano en Lalín parecía máis ben un canto ao público e ao sol. En suma, criticou a actitude do Sr. Alcalde como irresponsable.

Por alusións, o Sr. Alcalde, ***D. Rafael Cuíña Aparicio***, sinalou que os datos que lle facilitaron de quince mil euros foron erróneos; non obstante indicou que logo rectificou. Coidaba que non foi para tanto. Foi persoalmente á residencia a falar coa anterior edil delegada para estes eventos, ***Dª. María José Batán***, para desculparse.

A maiores, indicaba que se era necesario, faríase unha vez máis aquí e agora, e desculpábase por dar eses datos erróneos. De todos os xeitos houbo aforro este ano. As críticas foron dirixidas ao que se fixo antes.

De novo ***D. Xosé Crespo Iglesias*** indicou que estes datos foron dados nas redes sociais e alí non lle pediu desculpas. Non houbo episodios negros neste eido de alumeado de Nadal durante todo o seu mandato.

De novo o Sr. Alcalde, ***D. Rafael Cuíña Aparicio***, amosouse sorprendido destas verbas aludindo aos gastos nas obras do Lalín Arena, na construción do edificio do Concello e no parking, nos que se gastaron moitos cartos. Agora por unha afirmación errónea de quince mil euros facía moito fincapé o voceiro popular.

De novo ***D. Xosé Crespo Iglesias*** cualificou ao alcalde como un demagogo de dimensións estratosféricas. O edificio do Concello foi un exemplo de boa arquitectura. Fíxose grazas a

doazóns e aportacións xenerosas doutras administracións públicas. Lembrou que o programa realizado e gravado de *VTelevisión* o outro día no Concello foi posible porque estaba construído este edificio.

Por alusións, o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, dixo que sí, que era un edificio para recordar, aínda que custase cento corenta euros diarios a calefacción para ter unha temperatura de 19º. Agora era a Casa do Pobo e non a casa particular de ninguén. Volveu insistir en que o anterior goberno gastou moitos cartos en obras faraónicas, coma foi o parking, cun millón de euros gastados en reformas dos que non se falaba para nada, e agora aos quince mil euros o PP dáballe tanta transcendencia.

Por alusións **D. Xosé Crespo Iglesias** afirmou que o Sr. Alcalde tiña *un ego increíble*. Falou tamén de “palmeiros” en relación co grupo de goberno. Reiterou que foi un irresponsable por esas declaracións nas redes sociais. Sostivo que o alumeado de Nadal deste ano foi de calidade inferior ao do ano pasado. Por exemplo: antes o dispositivo do alumeado foi dinámico e agora foi estático e durou 10 días menos.

Tocoulle o turno á edil delegada de comercio, **Dª. Katia Procino Toimil**. Indicou que para este ano se pediron os tres orzamentos, algo que xa se viña a facer nos anos anteriores. O custo resultou inferior. A apreciación feita polo voceiro de que este ano foi inferior, era unha apreciación subxectiva. O número de arcos de alumeado este ano foi de 114, fronte aos 110 do 2014, por exemplo. Nuns lugares houbo menos; pero noutros mellorouse o que se colocou outros anos.

Por parte do goberno, **D. Nicolás González Casares** salientou que había sorte de que se puidera debater nesta sesión sobre os datos do alumeado. O mesmo día que o PP pediu datos démoslle todo o que había. Por iso se debatía agora e aquí. Porque houbo rapidez e transparencia en facilitar datos desde o goberno. Isto sen dúbida antes co goberno anterior non pasaba. Hoxe cambiou todo isto.

De novo **Dª Katia Procino Toimil** confirmou que se gastaron 3.500 euros menos este ano que o anterior, que o número de arcos aumentou, que se cambiaron nalgunhas zonas. Reiterou que o xuízo do voceiro popular de que este ano foi inferior era moi subxectivo.

Criticou o voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** que interviñesen tres voceiros do goberno defendendo a súa posición. Sinalou as verbas cos datos erróneos do Sr. Alcalde nas redes sociais e que logo non se desculpase no mesmo lugar e do mesmo xeito. Por elo afirmou que o goberno municipal non tivo rigor nese tema.

*Na moción pedíase a adopción do seguintes acordos:*

1.- *Que o Señor Cuiña demostre de onde saca que Lalín aforraría 15.000 euros con respecto ao ano pasado no alumeado de Nadal, ou no caso contrario, recoñeza que mentiu e pida desculpas públicas pola mentira que lle contou a todos os lalinenses.*

2.- *Que o goberno municipal se absteña de facer recortes nos servizos ou campañas en favor de sectores tan sensibles como o de Comercio ca única intención de sacar rédito político a aforros que non son tales e que só repercuten na baixada da calidade dos servizos ou actividades que se prestan ou contratan.*

3.- *Solicitar ao alcalde e ao grupo de goberno o máximo dos tinos no manexo de informacións tendenciosas ou falsas, como a antes citada, nas redes sociais e medios de comunicación que menoscaban a credibilidade da entidade municipal e danan inxustificadamente e innecesariamente a imaxe de quen tivo a confianza maioritaria dos lalinenses e a exerceu co tino e a responsabilidade que correspondía.*

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* dez (10) do PP.

*Votos en contra:* once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

*Abstencións:* ningunha

Xa que logo, **REXEITOUSE** a moción.

## **10.- MOCIÓN POR URXENCIA.-**

A Presidencia deu conta da Moción do PP sobre o proceso de peonalización, de data 25 de xaneiro de 2016, presentada na sesión por urxencia.

De seguido o voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** defendeu a urxencia da moción que viña referida ao proceso de peonalización de varias rúas do casco urbano de Lalín polo grupo de goberno, e que se motivaba en que era un tema candente e de actualidade para os veciños.

*Na moción pedíase:*

*1. Esixir ao Alcalde e ao equipo de goberno que antes de tomar ningunha decisión máis sobre o proceso de peonalización, de reestruturacións na xestión do tráfico ou no movemento das paradas de taxis busque un amplo consenso cos sectores implicados.*

*2. Instar a Rafael Cuiña Aparicio a que s cambios que realice na xestión do tráfico rodado no casco urbano que os acometa obedecendo a un Plan de Tráfico elaborado polos técnicos municipais e non atendendo aos impulsos persoais e aos criterios políticos.*

*3. Instar ao goberno a que antes de tomar calquera medida que afecte aos lexítimos dereitos dos negocios ubicados na zona peonalizada, se elabore o correspondente informe técnico de viabilidade.*

*4. Que o goberno municipal como ocorreu en 2004 deposite nos representantes do sector do comercio e hostalaría a responsabilidade de elaborar a enquisa sobre a opinión destes sectores sobre a peonalización. E polo tanto solicite aos representantes dos sectores afectados a elaboración da devandita enquisa para que cumpra os mínimos requisitos de obxectividade, representatividade e discreción.*

*5. Que a decisión que arroxe dita enquisa sexa vinculante á decisión final que sobre a peonalización tome o grupo de goberno e Rafael Cuiña.*

Sometida a votación ordinaria a urxencia da moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* dez (10) do PP.

*Votos en contra:* once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

*Abstencións:* ningunha

Xa que logo, **REXEITOUSE A URXENCIA** da moción.

## **11.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

### **11.1.- ROGOS.-**

**Presentados de xeito escrito durante a sesión.**

**PP.-**

**D. José Crespo Iglesias.-**

Fágolle estes rogos porque cando me fai preguntas no Facebook non podo contestarlle, dado que me bloqueou vostede en agosto do ano 2014, cando lle puxen un *post* nada ofensivo que dicía. “Dende o club Náutico de Soutolongo”, polo que para dar resposta vou utilizar o Pleno, que é a ferramenta que teño:

**1.- ROGO.-** Rógolle que non minta cando afirma que no Senado cobro 6.000 euros porque sabe vostede que é mentira. Eu cobro o mesmo que calquera senador do Estado español de calquera grupo político. E debería saber vostede que non é esa cantidade. A diferenza de vostede, eu non digo que non ía cobrar e despois cobro.

***O Sr. Alcalde quedou enterado.***

**2.- ROGO.-** Prégolle que non minta cando afirma que tentamos torpedear a peonalización. Foi vostede o que o fixo mal, e agora pretende arranxar o seu fiasco botándolle a culpa aos demais.

***O Sr. Alcalde quedou enterado.***

**3.- ROGO.-** Prégolle que non minta afirmando que nas súas xestións coa TVG pola gala mediei para que lle custara máis. Foi vostede quen afirmou, despois de reunirse co director da TVG, e deu unha nota de prensa dicindo que lle constara 7.000 euros menos, sabendo que era mentira porque xa llo tiñan dito ese día.

***O Sr. Alcalde quedou enterado.***

**4.- ROGO.-** Prégolle que non minta cando di que do programa Depodeza pouco levaron as empresas de Lalín. Debería saber vostede que ao ter que saír a concurso por lei, hai un procedemento estipulado.

***O Sr. Alcalde quedou enterado.***

**5.- ROGO.-** Prégolle que non minta cando afirma que nós potenciamos a aparición de áreas comerciais. Apareceron elas como noutros puntos de Galicia porque lles interesaba e, de acordo coa lei, non podías bloquealas. Aparte, que da segunda vostede seguro ten información privilexiada. Se unha empresa cumpre coa lei e quere establecerse, non hai forma legal de impedilo.

***O Sr. Alcalde quedou enterado.***

**6.- ROGO.-**Que na orde do día, tal e como é perceptivo, non se poñan mocións do grupo de goberno e mocións do grupo popular en xenérico, senón que cada moción leve o seu enunciado independentemente de quen a presente a constitúe un único punto na orde do día.

**O Sr. Alcalde quedou enterado.**

**7.- ROGO.-** Rogo que se felicite á Deputación por ter escollido o Concello de Lalín como símbolo da arquitectura de futuro e atractivo turístico en FITUR.

**O Sr. Alcalde quedou enterado.**

**8.- ROGO.-**Prego se reconsideren os traballos feitos sobre o ENIL por parte do anterior equipo, porque prescindiron del e dixeron que o ían facer con técnicos propios e nós o que queríamos é explorar esa posibilidade.

**O Sr. Alcalde quedou enterado.**

## **11.2.- PREGUNTAS.-**

### **Presentadas de xeito escrito durante a sesión.**

#### **PP.-**

**1.** No pasado mes de decembro celebrouse a reunión dos premios “*Lalinenses do Ano*” que contou cun xurado no que aparecían representados membros de varios colectivos sociais, culturais e deportivos, medios de comunicación e unha ampla representación do grupo de goberno. Un xurado ao que o anterior goberno convidou nas primeiras edicións a participar aos representantes da oposición que declinaron a participación no mesmo.

**PREGUNTA.-** ¿Cal foi o motivo polo que non se convidou a ningún representante da oposición, neste caso do Partido Popular, a formar parte do xurado deses premios?.

**O Sr. Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.

**2.-** Na última semana levouse a cabo o fallo do premio “Aldea Singular” que conta cunha importante dotación económica e na que estiveron como membros do xurado só concelleiros do cuatripartito.

**PREGUNTA.-** ¿Cal foi o criterio que se seguiu para elixir aos membros do xurado?.

**O Sr. Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.

**PREGUNTA.-** Habendo unha representación tan nutrida do grupo de goberno, con ata catro edís, que case conforman a maioría dos membros: ¿Cal foi o motivo polo que non se convidou aos membros da oposición a formar parte deste Xurado?.

**O Sr. Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.

3. No decreto asinado polo Alcalde con data 28 de decembro de 2015 vemos que nos orzamentos susceptibles de dar de baixa figuran as seguintes partidas:

- Inversións no campo de fútbol e rugby con 30.000 euros.
- Programa de melloras de camiños municipais de AGADER con 35.392 euros.

**PREGUNTA.-** ¿Por que non se executaron esas partidas?.

**O Sr. Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.

**PREGUNTA.-** ¿Por que tendo en conta as necesidades do campo de fútbol e de bacheos nos camiños do rural non se gastaron estas partidas nos cometidos para os que estaban consignados?.

**O Sr. Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.

4. No caso do decreto de 8 de xaneiro de 2016 relativo ao inicio do expediente para o estudo dunha concesión dunha distinción honorífica a Antonio Presas:

**PREGUNTA.-** ¿Por que se ignora por completo ao Partido Popular nomeando os tres membros da comisión, sen o máis mínimo diálogo con nós?. ¿É este o dialogo do que fai gala vostede cando unha distinción que se debería dar por unanimidade está tentando provocar xusto o contrario?.

**O Sr. Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.

5. Observamos que hai moitos decretos asinados o 29 e 30 de decembro de 2015, algúns deles de bastante calado e moitos deles avocando a alcaldía á competencia da Xunta de Goberno.

**PREGUNTA.-** ¿Por que se convocou unha xunta de goberno para o día 30 e non se aprobaron na mesma estes expedientes como sería o correcto?.

**O Sr. Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.

6. No convenio asinado entre o Concello de Lalín e a Fundación ADEGA estaban estipulados unha serie de requisitos que debería cumprir a mesma para liquidarlle o importe pactado, como queira que se cumpriron os prazos amplamente, **PREGUNTAMOS:**

- ¿Cal foi o resultado da pesaxe do lixo de Goiás despois de ubicar os composteiros do programa piloto?.

- ¿Tamén se contemplaban composteiros comunitarios na periferia de Lalín, onde están feitos estes ou se van facer?.

- ¿Canto se leva liquidado polo realizado ata agora por ADEGA?

**O Sr. Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.

7. Aprobouse unha ordenanza para a apertura do parking que dicía cando era gratis e en que condicións modificouse a ordenanza.

**PREGUNTA.-** ¿Por que non se está a cumprir ?.

**O Sr. Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.

**PREGUNTA.-** ¿Quen do Goberno Municipal é o responsable de que non se cumpra a norma?.

**O Sr. Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.

**PREGUNTA.-** Se é así, ¿non sería o correcto cambiar a ordenanza e poñelo gratis o tempo que faga falta?.

**O Sr. Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.

**8.- PREGUNTA.-** ¿Por que se retirou a moción de ampliación da zona azul na Avenida de Buenos Aires, se como dixeron publicamente hai consenso de todos os afectados?, ¿ou non é así?.

**O Sr. Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.

E, sendo as trece horas e tres minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

O Alcalde.

Dou fe. O Secretario Xeral.

Rafael Cuiña Aparicio

César López Arribas